

# AXUDAS A TRAVÉS DOS BONOS CULTURAIIS

## CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE

Orde do 8 de outubro de 2021 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas, en réxime de concorrencia non competitiva, a través dos bonos culturais, e se procede á súa convocatoria para o ano 2021 e á apertura do prazo para a adhesión das entidades e dos establecementos culturais (códigos de procedemento CT500B e CT500C).

### Obxecto

Esta orde ten por obxecto aprobar as bases reguladoras polas que se rexerá a concesión de axudas a través dos bonos culturais e se procede á súa convocatoria para o ano 2021 (código de procedemento CT500B).

Así mesmo, por medio desta orde procédeuse á apertura do prazo de adhesión dos establecementos culturais interesados (código de procedemento CT500C).

### Persoas beneficiarias

Poderán ser persoas beneficiarias das axudas as persoas físicas maiores de idade e residentes na Comunidade Autónoma de Galicia que realicen as actuacións establecidas no artigo 5.

### Importe

Cada persoa beneficiaria disporá dun único bono que poderá ser usado nun ou en varios dos establecementos adheridos ao programa. Cada bono terá a consideración de bono desconto por un valor de 50 euros por usuario para as compras nos establecementos adheridos.

O importe do bono irase reducindo, ata o seu esgotamento, en función do valor da compra, de acordo co seguinte criterio:

- Desconto do 50 % da compra realizada ata un máximo de desconto de 50 €.

### Prazo para que os establecementos culturais se adhiran ao programa

O prazo será dun mes contado desde o día seguinte ao da publicación desta orde no Diario Oficial de Galicia.

### Data de activación dos bonos

Os bonos estarán dispoñibles na web <https://www.bonocultura.gal> para a súa descarga polos usuarios a partir do 1 de novembro de 2021 e serán válidos ata o 31 de decembro de 2021. Mediante orde da Consellería de Cultura, Educación e Universidade poderase modificar a dita data se razóns organizativas, sanitarias ou doutra índole así o aconsellan, do cal se dará a oportuna publicidade.

**Mais información: DOG Nº 200 de 18 outubro.**

[https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2021/20211018/AnuncioG0598-081021-0001\\_gl.html](https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2021/20211018/AnuncioG0598-081021-0001_gl.html)